



RESOLUCIÓN DO REITOR

SOBRE A POSIBILIDADE DE FINANCIAR E/OU COFINANCIAR BOLSAS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN CON CARGO AO CONCEPTO "FONDOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA"

A presente resolución ten como finalidade o posibilitar que durante o exercicio económico 2005 se poidan financiar e/ou cofinanciar bolsas e contratos de investigación con cargo ao concepto "investigación científica (649)".

Considerando que, na súa acepción ordinaria, a bolsa é unha axuda económica temporal concedida en concorrencia pública a unha persoa para mellorar a súa formación, podemos interpretar tal gasto como de carácter inmaterial por canto non se materializa en activos e é susceptible de producir os seus efectos en varios exercicios futuros. Se ben non convén esquecer que as bolsas e axudas de carácter xeral deberán ser financiadas con cargo a créditos do capítulo IV "Transferencias Correntes", non é menos certo que as que están esencialmente orientadas ao labor investigador poderían ser susceptibles de imputación a créditos específicos do artigo 64 "Gastos en investimentos de carácter inmaterial".

Igualmente, os puntos 8 e 9 da base 15ª do orzamento permiten que gastos de natureza esencialmente corrente se apliquen contra créditos que recollen gastos de capital de carácter inmaterial. A única excepción está na adquisición de bens inventariables, cuxo financiamento esixe unha modificación orzamentaria.

Finalmente, non podemos ser alleos ao proceso que a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma vén de comezar para a homoxeneización contable e orzamentaria nas tres universidades galegas. Sen prexuízo do resultado do proceso e mentres este non remata, parece oportuno que desde as universidades se vaian dando respostas ás situacións reais de administración cunha óptica de rigor e eficiencia na xestión.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Autorizar, logo do informe favorable da vicerreitora de Investigación, o financiamento e/ou cofinanciamento de bolsas e contratos de investigación con cargo ao concepto 649 durante o exercicio económico 2005, sen prexuízo das modificacións orzamentarias oportunas.

A Coruña, 25 de abril de 2005

Asdo.: José María Barja
Reitor